

**14/2024.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2024**

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 25 de novembro de 2024, ás oito horas e trinta e dous minutos reúnen, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, asistido do secretario que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

**PRESIDENTA:**

Ana María Pena Purriños (Decreto de substitución nº 2157/2024, do 22 de novembro)

**CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:**

Manuel Rodríguez López

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Carmela Franco Caaveiro

Francisco da Silva Vello

M<sup>a</sup> del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

**NON ASISTEN CON ESCUSA:**

María Jesús Romero Franco

Diego Balsa Bellas

**SECRETARIO:**

Manuel Larrosa Rodríguez

**INTERVENTORA:**

Cristina Morán Monzo

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1º) RATIFICAR A URXENCIA DA SESIÓN.**

A presidenta explica que o carácter urxente da sesión.

A continuación, a presidenta da sesión somete a urxencia a votación, de acordo co establecido no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais.

Sometida a urxencia a votación, aprobase por 6 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e 4 abstencións (2 do grupo político do PP e 2 do grupo político do BNG)

## **2º) APROBAR A MODIFICACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

A presidenta deu conta da proposta que se presenta relativa a modificación das Comisións Informativas.

O Pleno, á vista do Decreto da Alcaldía número 2000/2024, de data 04 de novembro, e do Decreto de corrección 2001/2024, de data 05 de novembro, nos que quedou establecida a nova estrutura da administración municipal; á vista do artigo 124.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF); e do artigo 66.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), en relación co artigo 68.5 da mesma lei, acorda con 6 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e 4 abstencións (2 dos representantes do grupo político do BNG e 2 do grupo político do PP):

Modificar o acordo adoptado no Pleno extraordinario urxente do 06/11/2024, en virtude do que se modificou o apartado 1º) do acordo de creación e composición das Comisións Informativas, -adoptado no Pleno extraordinario urxente de data 07/07/2023- incluíndo a **Comisión Informativa Permanente do Patrimonio Histórico**, de modo que o dito apartado queda redactado como segue:

“1º) Constitúense as seguintes Comisións Informativas Permanentes:

- Comisión Informativa de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá.
- Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica.
- Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación.
- Comisión Informativa de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos.
- Comisión Especial de Contas.
- Comisión Informativa Permanente do Patrimonio Histórico, que ditaminará os asuntos relativos ao patrimonio histórico -integrado polos inmobles e obxectos mobles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico, técnico, documental e bibliográfico e os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques, que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico- nos casos previstos nos artigos 68 da LALG e 123 do ROF.”

## **3.- APROBAR INICIALMENTE O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 46/2024, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 3/2024**

A concelleira Ana María Pena Purriños dá conta do ditame da Comisión Informativa de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, de

data 25/11/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/T002/000048.

Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Providencia da Alcaldía de data 21/11/2024
- Memoria xustificativa da concelleira delegada de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e atención cidadá de data 21/11/2024
- Informe da Intervención, nº 536/2024 de data 21/11/2024
- Proposta de acordo da concelleira delegada de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, de data 21/11/2024
- Ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación urbana, Servizos á veciñanza e Recursos Humanos, de data 25/11/2024

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con oito votos a favor (6 dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e 2 do representante do PP) e dúas abstencións do BNG, acorda :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 46/2024 na modalidade de crédito extraordinario/suplemento de crédito núm 3/2024 con cargo ao remanente líquido de tesourería, cuxo detalle é o seguinte, de acordo co seguinte resumo de partidas:

1- Proponse ao Pleno o incremento dos créditos necesarios para atender á seguinte relación de obras e gastos a través de suplemento de crédito/ crédito extraordinario:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1532.61903 2022.2.10001. 8	Liquidación obra “ mellora de pavimentos e servizos avda Ortigueira fase II “	11.505,29
170.22799	Medio ambiente. Informe seguimento plan de acción polo clima e enerxía sostible	1,210.00
1621.22707	Recollida diaria RSU praia e Valarbó	15,981.31
342.63204	Liquidación obra “ grada cuberta campo herba artificial “	722,79
342.63204	Liquidación obra “ cuberta almacén tiro con arco “	7,300.86
311.22726	Protección salubridade pública. Servizo de mantemento de animais	7,300.00
341.20300	Promoción do deporte. Torneo Voley praia aluguer duchas e aseos	2,516.80
334.20300	Cultura. Aluguer aseos concerto	768.35
3232.22706	Educación. Xornadas educación vial colexios	774.40
334.21200	Cultura. Traballos en casa dopeso	1,397.55
3421.22100	Suministro electricidade piscina	50,000.00
3421.22102	Suministro gas piscina	30,000.00
338.22608	Feira do mel	24,384.20
334.20900	Canon Sgae cultura	3,000.00
3331.20900	Canon sgae cine	2,000.00

338.22608	Canon sgaie festas	13,000.00
450.22108	Suministro formigon	30,000.00
453.61902 2024.2.10001. 1	Liquidación obra “reparación e mellora de firme en os candedos vial n.º 0420”	1,915.26
912.22601	Órganos políticos. Gastos protocolarios	990.00
920.62501	Admon Xeral. Fotocopiadora secretaria	3,145.65
920.21200	Admon xeral. Reparación cuberta e canalón edificio administrativo	13,447.64
920.22700	Admon xeral. Limpeza de duas lonas municipais	6,841.34
912.22601	Órganos políticos. Gastos protocolarios, placas conmemorativas 2023	2,129.60
		230,331.04

SEGUNDO- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

### REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás oito horas e cincuenta e un minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretario, certifico.

O secretario

Manuel Larrosa Rodríguez

A presidenta

Ana María Pena Purriños

### ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 25/11/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

0664465C6FEF3464F24F7531386057056C2ED593142F1653E706CD5784C071C8

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

526F52841BDAD86EFB94DB0EC2F219F04048DEA40812D2E80079CBCC6C951EE0

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

O secretario

Manuel Larrosa Rodríguez